

■ GROMOS ■

Os discutidores

DOMINGO GARCÍA-SABELL

QUIZAIs unha das formas máis curiosas do enquistamento, do aillamento no que hoxe se move a vida social, é a proliferación dos discutidores, dos polemistas. Unha frase inocua e inxenua, un dicir algo que é evidente, unha sinxeleza calquera abonda para que, de súpeto, se disparen as municións da controversia. E non me refiro, claro está, ás liortas políticas sen dúbida decote necesitadas de disección, de refregalas contra a dureza inmisericorde da realidade e dos problemas cotiáns. Non. O que eu suliño neste momento é esa especie de furia dialéctica que ataca ó sinxelo cidadán cando se trata de dilucidar ideas, de aclarar conceptos, en suma, de enraizar na propia interioridade da persoa os beneficios da cultura.

Entón é cando emerxe o discutidor. ¿Quen é? Pois o individuo ó que por riba da verdade o que lle interesa é edificar un podio desde o que a súa figura resalte, acade presenza e, en definitiva, peso colectivo. No discutidor hai moitos quintales de exhibicionismo e non poucos de percura de protagonismo.

Protagonismo con forte, con enérxico influxo na leira pública. O discutidor é un falso intelectual ó que fascina, ó que

hipnotiza a posibilidade de pasar con trabando mental. O primeiro matute consiste en simularse un proveedor de ideas sen que, por descontado, endexa-mais chegue a selo. O discutidor supera tódolos fieltos imaxinables a base de trapelas. Isto é, de ocultar, de enmascara-las súas ignorancias. É, en suma, un mixtificador que no emprego de sutilezas acada unha soa ganancia, cativa, pero ganancia ó fin e ó cabo: a de non pagar portazgo cultural algún. Por eso os discutidores resultan tan hábiles no uso de disfraces. E por eso resulta inútil entrar no seu privado campo de batalla. Don José Ortega y Gasset deixou esta boa recomendación: «En vez de polemizar lo que hay que hacer es simplemente **ser lo otro**». Exacto. Nada de gastar inútiles forzas. **Facer, esto é, constituírse na realidade do oposto.** Eu de min sei dicir que os esforzos dos discutidores abürrenme soberanamente, e por eso fuxo deles. Non me estimulan. Ó contrario, provócanme mudez, que é unha forma da evasión. E, por outra parte, non me aleccionan. Se entro no seu vociferante eido teño a sensación de que me embrutezo. E esto no máis cinguido senso de descenso na

escada zoolóxica. Platón sostivo que a aprendizaxe, a «didaché», vai conformando ó home e, dese xeito, vai creando a súa propia natureza, a súa propia «physis». E non esquezamos que as dificultades especulativas da dialéctica —dialéctica no mellor sentido da palabra— foi unha creación platónica.

Pero cómpre ser sinceros. No bater cun discutidor, endemais do alporizamento, buliga na intimidade, no «home interior» do que escoita, unha estraña, inqueda sensación, a saber, a de que alí, nas liortas discutidoras, un está a perder unha sazón valiosa, xa que a loita irracional escamotea o intertroco fecundo dos pensamento e das valoracións rigorosas. O polemista despilfarra todo esto estupidamente. Sen embargo, e en verdade, é bo recoñecer que en moitos e moitos discutidores aniña a fermosa posibilidade de xerminación do espírito inquisitivo, san e alumeador. O que sucede é que esa posibilidade queda como afogada, como colleita polo degoiro mesquiño, irresponsablemente mesquiño, que move ós discutidores.

Hai cáseque dous mil cincocentos anos que se pedía para o divagar da criatura humana claridade, exactitude e

rotundidade. Velaquí o segredo de toda boa e fermosa comunicación entre os homes. Mais, con todo, o polemista sen fundamento non goza do poder da claridade e da exactitude, estamentos que el desprezia. E, en troques, sóbralle rotundidade. ¿Non observamos nesta casta de suxeitos a contundencia, a forza exclamatoria, imprecatoria e condenatoria das súas opinións, dos seus xuízos? Alí non hai matizacións, alí non hai consideración algunha ás complexidades e ás riquezas das ideas. Hai, pola contra, asercións intransixentes. O discutidor non razoa: golpea. Xusto o contrario do verdadeirō intertroco de razóns. Razóns que orixinariamente o que buscaban era a maturidade do coñecemento, a capacidade de furar nas entrañas do saber: «dialektik epistēme». Aquí toda violencia verbal queda excluída. O discutidor decote se constituíe, co emprego da arbitrariedade, nun ser desgarrado e irracional. Pero non esquezamos, para ser honestos, que Kierkegaard deixou apuntada toda unha dialéctica existencial na que, segundo el, «toda paixón ten a súa dialéctica».

E aínda así, nada lexítima o emprego dos couces orais.

Los «dioses»

RICARDO MARTÍNEZ

EN la antigüedad, cuando se otorgaba el dominio de la realidad a los dioses, era una frase hecha el decir: «Los designios de los dioses son inexcrutables». Ahora, aún estando regidos por un gobierno de dioses de quincalla, paradójicamente, sin embargo, la frase mantiene su vigencia. Incluso de un modo más acusado e insolente si cabe, pues antes los dioses no daban explicaciones. Ahora sí, ahora tratan de justificar comportamientos y decisiones, lo que trae consigo una confusión sin remedio. Lo que, a su vez, viene a hacer bueno aquello de: «la cruda mentira es tan franca como la verdad».

No sería difícil encontrar ejemplos que sirvan de referencia de lo expuesto: repararemos si no en la subida de los teléfonos o en el conflicto del bonito (un feo asunto, sin duda). En el primer caso pretenden acribillar bajo intención recaudatoria el único medio de comunicación que el hombre moderno se había reservado. En el segundo, todo parece indicar que vende mejor justificar solapadamente al delincuente francés antes que optar claramente por la defensa de los legítimos derechos de nuestros pescadores.

«Los españoles —ha escrito García Trevijano, un intelectual documentado y crítico donde los haya— estamos habituados, desde hace más de medio siglo, a no esperar sinceridad o inteligencia en las palabras del poder». Ahora bien, así parecen actuar los dioses políticos, ganados por un mal que no es nuestro.

■ RAMÓN ■



Dibadirigwa

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

TÍÑAN os deuses que avivecer as conciencias e crearon na placenta dunha rapaza negra os espazos axeitados para un fillo que andou o mundo en teletipos. Onte, Dibadirigwa, que era carne viva entre os mortos no campo de refuxiados de Goma (en Zaire, ¿sabes?, na fronteira con Ruanda), abriu un pouco as células do seu corpo e alertou os ollos dos enterradores: estes que Europa, o mundo, manda para se encargar da desgracia, nunca antes como prevención. Pois eso tan maravilloso: que un neno de cinco anos resucite por entre a masa da historia última e nos diga «aquí estou, vivo, con mensaxe, nosoutros non morremos, morredes vós». Porque o negriño de Mubura debeu falar así diante dos rostros franceses que lle deron axuda, dian-

te das cámaras que transportaron a imaxe, diante da miña mesa de roncar, cando estaba a piques de que o enterraran con vida.

E desde xa móvese ata o pentágono; e todos os polígonos mandan vértices de solidariedade penúltima (a última sempre queda na recámara). Os acrónimos son tantos que encherían follas de papel. Os duros de pelar, como en Somalia ou nos Balcáns, están brandos. Foi necesario que, na andaina dos meses de martirio, a danza deixase redivivo, ou redimorto, ao neno Dibadirigwa, nun foxo comunal, aló en África.

E dispararánse un pouco máis as chamadas de misericordia, as axudas, os remendos... O Banco Hipócrita Mundial, aberto de par en par.

Dibadirigwa algún día saberá.

Infieles

JAVIER PARRA

SE suponía que Duncan Gray, un joven londinense de 23 años, era uno de los empleados más fieles del palacio de Buckingham. Gray ocupaba la plaza de portero, lo cual le permitía controlar los movimientos de los residentes. Cegado por la codicia, el infiel servidor ha sido condenado a un año de cárcel por haberse apropiado de un cuadro del siglo XVII y de un jarrón y cubertería de plata. A la familia real británica le han brotado servidores infieles en los últimos años, principalmente desde que la prensa descubrió el filón de los problemas íntimos de Carlos, Diana, Sarah Ferguson, Andrés, Ana y demás miembros de la movida corte de San Jaime.

El recurso del soborno al criado o confidente para conseguir secretos o aspectos inéditos de la vida de un poderoso es algo muy viejo. Algunos emperadores mesopotámicos ordenaban que sus servidores más fieles fueran enterrados vivos en la tumba imperial para evitar que se fueran de la lengua cuando ellos faltaran. Da la impresión de que los servidores que comercian con las intimidades y los bienes de las personas para las que trabajaron, anteponen el resentimiento al afán crematístico. Ese resentimiento sin embargo suele deformar la realidad. Es muy difícil que los relatos de esas miserias sean objetivos. A pesar de que estos relatos suelen comportar exageraciones y verdades a medias, la demanda de indiscreciones íntimas sigue en aumento, lo mismo que el morbo.